



Maio 2005

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Adro

Un Día Mundial da Loita Labrega con vistas ao cumio da OMC

Neste 2005, o Día Mundial da Loita Labrega -que se celebrou o 17 de abril- veu cunha estatística preocupante: por primeira vez na historia da humanidade, a poboación urbana supero á do medio rural. É unha consecuencia máis da globalización, contra á que se loitará no vindeiro cumio da OMC en Hong Kong. **Páxs. 2 a 4**

■ Aldea Global

Millo manipulado e ilegal en Europa por un "erro" de Syngenta

Un "erro" da transnacional Syngenta no etiquetado de sementes transxénicas levou ao cultivo en América dun millo manipulado non autorizado, e á entrada ilegal en Europa dunha cantidade estimada entre as 1.000 e as 30.000 toneladas. A política da Comisión sementa os seus froitos. **Páx. 7**

■ Muller

As mulleres do SLG coñecen de preto a agricultura andaluza

Máis de medio cento de mulleres do SLG viaxaron, entre o 10 e o 17 de abril, a Andalucía. Alí, puideron ter unha visión completa da agricultura desta comunidade, dende os proxectos de desenvolvemento rural na Serranía, ata os mares de plástico de Almería. **Páxs. 12 e 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

O Valedor do Pobo pídelles á Xunta que remate coa forestación de terras agrarias

■ Un informe da Vicevaladora Olga García Agra recoméndalle á Xunta que remate coas políticas de forestación de terras agrarias por ser contrarias á lei.

■ O Sindicato Labrego Galego pediu publicamente aos partidos políticos que respecten o dictame desta institución e regulen con urxencia os usos do solo na seguinte lexislatura. **Páx. 5**



SANTI AMIL

Manifestación na XLII Feira do Ribeiro para denunciar a crise no medio rural da comarca

O SLG aproveitou a XLII Feira do Viño do Ribeiro para facer un acto reivindicativo diante dos políticos que alí estaban. A intención era lembrarlles, a través da denuncia, o abandono da economía labrega da comarca, que se traduce en centos de hec-

táreas de viñedos a ermo, e nunha grave perda de poboación moza en viñas e adegas. O acto rematou cun encontro co Director Xeral de Industrias Agroalimentarias, Jorge Santiso, ao que se lle transmitiron as demandas do SLG. **Páx. 9**



Os contedores para animais non serán obrigatorios grazas ás xestións do SLG

Unha comitiva do SLG viaxou a Madrid, o pasado 7 de abril, para discutir a obrigabilidade de ter que mercar contedores para almacenar animais mortos co Ministerio de Agricultura e a Entidade Estatal de Seguros Agrarios

(Enesa). O encontro saldouse coa aceptación, por parte da Administración, de non obrigir a mercar contedores nos sectores ovino e caprino, e para as pequenas explotacións de porcino. Todo un éxito do SLG. **Páx. 5**

Política Agroalimentaria opta por unha política suicida para o sector lácteo

Con vistas ás eleccións, e coa única xustificación posíbel de pretender rabuñar uns cantos votos, a Consellaría de Política Agroalimentaria vén de anunciar un auténtico disparate: vaise opoñer ao Plan de Reestruturación do Sector

Lácteo e avogará por que se manteña a compravenda privada de dereitos. Esta decisión pon á Xunta nunha postura suicida que aposta por que sigan pechando miles de explotacións lácteas no noso país e por desertizar o campo. **Páx. 6**



Un 17 de abril coa vista posta no cumio da OMC en Hong Kong

O Día Mundial da Loita Labrega reafirmase na súa oposición frontal á Organización Mundial do Comercio

Neste 2005, o Día Mundial da Loita Labrega -que se celebrou o 17 de abril- veu cunha estatística preocupante: por primeira vez na historia da humanidade, e como consecuencia das políticas de liberalización económica,

a poboación urbana total do planeta superou ao número de persoas que viven no medio rural. É o resultado de que millóns de labregos e labregas emigren cada ano ás cidades polo impacto das políticas agrarias neoliberais.

O 17 de abril celebráronse todo tipo de actos ao longo do mundo para conmemorar o Día Mundial da Loita Labrega, en lembranza dos 19 compañeiros Sem Terra asasinados do Brasil tal día de 1996.

En Holanda, realizáronse varias accións baixo o lema "A resistencia é fértil", en contra dos Organismos Xeneticamente Manipulados (OXMs). Algo fixeron os labregos e labregas de Francia, Bélxica e Austria. En Roma, un grupo de apoio ao MST realizou varias actividades para esixir a reforma agraria no Brasil.

En Madrid, a Plataforma Rural coordinou varias accións; en Oviedo houbo varios encontros labregos ata o 20 de abril; en Euskadi e en Alacante fixéronse accións en torno á oposición aos OXMs; e en Barcelona organizouse unha marcha reivindicativa diante das embaixadas de varios países latinoamericanos.

En Asia houbo mobilización de masas en países



Os labregos e labregas de todo o planeta demanda que a OMC non se inmiscúa na agricultura

como a India, promovidas polo Sindicato Labrego do Estado de Karnataka (KRRS); en Malaisia, coordi-

nadas pola Pan Asia Pacific fronte ao Departamento de Agricultura e Reforma Agraria; así como en

Paquistán e Bangladesh.

En América, celebrouse en Quito, Ecuador, o Foro Andino contra o Tratado de Libre Comercio das Américas (ALCA), que reuniu a organizacións de todo o continente. En Washington, houbo un Seminario sobre as políticas do Banco Mundial onde a Vía Campesina fixo pública unha carta de protesta.

Tamén en América, aproveitouse o 17 de abril para celebrar a Semana Continental contra o Millo Transxénico, o *dumping* e a favor dos prezos xustos para os produtos, habendo actos en México, Honduras, Guatemala, Brasil, El Salvador, Haití, República Dominicana, Paraguai, Colombia e Ecuador.

Ademais, convocáronse tamén mobilizacións conmemorativas polo 17 de abril en Honduras, Belice, Bolivia, Canadá, Arxentina, Chile e Suíza, entre outros países.

As demandas presentaranse ante os gobernos de todo o mundo

No marco da celebración do Día Mundial da Loita Labrega, a Vía Campesina comezou a recompilar e a preparar un prego de demandas e propostas ao redor do respecto aos dereitos e liberdades dos labregos e labregas de todo o mundo. Este documento presentarase no Cumio da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación (FAO), e no Cumio Mundial de Desenvolvemento Sostíbel. A intención é que estas demandas se convertan en futuros compromisos nos programas dos gobernos.

Entre as reivindicacións contéplase o acceso e o control da terra, das sementes, da auga, dos créditos, da tecnoloxía e dos mercados, que deben ser garantidos para todos os labregos e labregas para que poidan producir alimentos suficientes e axeitados, dunha maneira sostíbel e socialmente xusta, respectando os recursos

naturais dispoñíbeis.

Tamén se queren defender os dereitos colectivos dos recursos xenéticos, prohibindo as patentes e outros dereitos á propiedade intelectual en organismos vivos, amais da prohibición dos transxénicos na agricultura e na produción alimentaria.

Completarían o cadro reivindicativo aspectos como a posta en práctica de programas reais de reforma agraria, mercados equitativos con prezos xustos, e o respecto do principio de soberanía alimentaria dos pobos.

Vía Campesina, ademais, esixe tamén a prohibición total da tecnoloxía *terminator*, consistente e producir sementes estériles para impedir reproducir as plantas, e tecnoloxías semellantes coma o emprego xenético restrinxido, que controlen as características das plantas e dos animais.

Comunicado oficial da Vía Campesina con motivo do Día Mundial da Loita Labrega no 2005

Dez anos de OMC: Basta xa!!

O 17 de abril, Día Mundial da Loita Labrega, as organizacións membros da Vía Campesina organizarán accións contra o neoliberalismo en todo o planeta. Labregos e labregas, mulleres rurais, comunidades indíxenas e pobos sen terra traballarán conxuntamente coas nosas alianzas provenientes dos sectores ecoloxistas, de solidariedade, de saúde, e con outras organizacións de base para contar ao mundo as consecuencias serias do neoliberalismo.

Os resultados desastrosos de dez anos de presenza da OMC, coas súas políticas agrícolas e comerciais baseadas nun modelo de exportación para a agricultura, constitúen unha proba deste fracaso. As políticas neoliberais fixeron aos pobos máis dependentes das importacións, beneficiándose disto a agroindustria. Moitos exemplos de numerosos países amósano: o medre da economía latinoamericana nun 5'5%, que nos levou a un descenso da pobreza na rexión. Brasil empobreceuse máis, pois tenta pagar a súa débeda externa aumentando as súas exportacións. Vemos, con máis frecuencia, máis poder e cartos que se concentran en menos mans. Para a OMC, as empresas multinacionais semellan ter máis importancia cós pobos no mundo.

A loita contra a OMC e os acordos de comercio bilaterais chegará a unha etapa crucial nos vindeiros meses. A Vía Campesina considera que estes acordos son anacos da



Do mesmo xeito que ocorreu en Cancún, Hong Kong será este ano escenario de fortes protestas en contra da Organización Mundial do Comercio

mesma torta e que representan o mesmo problema: "libre" comercio e neoliberalismo. Necesitamos novas políticas que axuden a combater a fame e que promovan unha produción alimentaria labrega e sostíbel.

Existen dúas tendencias e dous camiños posíbeis no mundo, e temos que decidir cal tomar: o camiño da guerra económica e militar, ou o camiño da solidariedade global. Vía Campesina tomou o

camiño da solidariedade. A soberanía alimentaria é a vía alternativa cara a un futuro sostíbel para os pobos do mundo. Cada país, sen importar cales sexan as súas condicións climáticas ou as súas infraestruturas, debe ter a oportunidade de definir as súas políticas agrícolas nacionais e de manter e fortalecer do mellor xeito a súa produción de alimentos.

Para os labregos e labregas, o acceso aos mercados internos é o

máis importante e necesitamos desenvolver as posibilidades para que todos os países poidan alimentar á súa poboación. Tanto as políticas nacionais como aquelas internacionais deben estar baseadas sobre principios de soberanía alimentaria. A campaña internacional de Vía Campesina para reivindicar a soberanía alimentaria continuará facendo énfase en temas clave como a reforma agraria e a agricultura ceiba de organismos xeneticamente modificados (OXMs).

Debemos redefinir como bens públicos a agricultura e o acceso á alimentación e loita polo mantemento da nosa habilidade na produción de alimentos dentro dun modelo labrego sostíbel. A soberanía alimentaria é de interese para todo o mundo: é esencial, como a auga, a educación, e a saúde. O último informe das Nacións Unidas sobre o estado ambiental do planeta apoia a análise de Vía Campesina. Se non trocamos de dirección o antes posíbel, o noso medio ambiente, a auga e o sistema de alimenticio en xeral, serán destruídos.

"Fóra a OMC da agricultura" é unha esixencia de millóns de membros da Vía Campesina. Recoñecemos que a loita non rematará coas reunións antidemocráticas de Xenebra e Hong Kong, pero constituirá unha das loitas máis importantes por valores como a solidariedade, a xustiza, a democracia e o medio ambiente para os anos por vir.

O MST conmemora o 17 de abril cunha marcha de 10.000 persoas

O 17 de abril conmemora o asasinato de 19 labregos do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST) na mesma data en 1996.

Precisamente, o MST, apoiado por outras organizacións brasileiras que pertencen á Vía Campesina, iniciaron o 2 de maio unha marcha de Goiânia a Brasília que aglutina a 10.000 persoas. Trátase de homes e mulleres, nenos e nenas, dos 23 estados do Brasil, que pretenden chamar a atención da sociedade brasileira sobre a grave situación de desigualdade e pobreza no agro. A inten-

ción é chegar a Brasília o 17 de maio, a un mes do Día Mundial da Loita Labrega.

Lula incumpre a reforma agraria

João Pedro Stedile, un dos líderes e ideólogos do MST, recorda que "chegamos a un acordo co Goberno de Lula en novembro de 2003, no que se comprometía a asentar 430.000 familias nos tres anos de mandato que lle restaban (asentar familias consiste en darlles terras en propiedade para traballalas a familias labregas que non teñen terra), dando prioridade ás familias acampadas. Pasou case ano e

medio e, ata o de agora, o Goberno non cumpriu o seu compromiso e asentou menos de 60.000 familias".

Stedile vai máis alá, e explica que "sabemos que a realización da reforma agraria non é só unha cuestión de vontade política ou de compromiso persoal do Presidente. Depende da política económica. Depende dun proxecto persoal de desenvolvemento. Daquela, marchamos a Brasília para pedirlle ao Goberno que mude a súa política económica se quere viabilizar a reforma agraria e resolver os problemas do pobo".



O MST agarda que Lula responda á marcha ata Brasília cunha aceleración da reforma agraria no país

Editorial*A caída dos prezos dos nosos produtos: dos acordos do GATT de 1994 ao cumio de Hong Kong do 2005:*

Temos que contribuír para que a OMC volva fracasar en Hong Kong!!

O 19 de decembro de 1994, foron ratificados pola Unión Europea os acordos sobre comercio internacional acadados, un ano antes, no seo do GATT (Acordo Xeral sobre Aranceis e Comercio). Nesta ocasión, o Comisario de Comercio da Unión Europea afirmara que "esta decisión supón a entrada nunha nova era do comercio mundial", e o Goberno Fraga corroborara dicindo que "estes acordos non ían prexudicar a Galiza porque non temos comercio exterior".

No Fouce de xaneiro de 1995, dabamos conta do contido destes acordos para a agricultura: entre outras obrigas, a Unión Europea comprometiase a diminuír os aranceis aduaneiros que gravaban as importacións de produtos agrícolas e gandeiros nun 36%. Ademais, tamén se asinou a obrigatoriedade de importar de países terceiros o 5% do consumo interno de cada produto agrario. Estas dúas decisións políticas foron claves no inicio das caídas de prezos, que xa deixan de ser conxunturais.

Naquelas datas, o SLG dixerá que "estes acordos van ser tremendamente negativos para a explotación agraria familiar no mundo inteiro. E a aqueles países que, como Galiza, teñan a agricultura sen desenvolver, non lles van permitir facelo". Por outra banda, o SLG tamén valorara que "estes acordos non ían supoñer un comercio entre países en pé de igualdade, porque esta liberalización do comercio fora feita para facilitarlle aos países ricos e, máis concretamente, ás súas multinacionais, entrar nos mercados de todo o

mundo, afundindo os prezos de produción e arrasando as industrias nacionais. En definitiva, levando paro, miseria e marxinação aos países da periferia."

Hoxe, once anos despois -logo de varias reformas da Política Agraria Común (PAC) para adaptarse ao espírito destes acordos e co obxectivo proxectado pola Unión Europea e os Estados Unidos de América para seguir liberalizando o comercio agrario- xa vemos confirmados os efectos negativos e devastadores que o SLG vaticinaba no ano 1994. Os prezos dos nosos produtos están baixando continuamente, mesmo se a oferta é menor que a demanda, tal e como aconteceu, por exemplo, no caso do vacún de carne que, no ano 2004, a pesares de que Europa foi deficitaria neste produto, o seu prezo seguiu caendo.

O leite é outro produto tocado a nivel de prezos e, aínda que agora mesmo no Estado Español non é onde menos se cobra, na maioría dos estados europeos (da Europa dos Quince), os prezos descendieron bruscamente como consecuencia da última reforma da PAC até situarse en 27 céntimos. Isto fixo que, nestes intres, se estean dando importantes mobilizacións en Francia e en Alemaña, e que varias organizacións esteamos a falar dunha folga do leite europea.

Outros produtos como a pataca, a uva, ou os do sector hortícola, seguen a mesma dinámica de baixada de prezos á produción. Mesmo baixaron produtos que viñan sendo un importante complemento ás explotacións, coma o caso da faba na Mariña de Lugo, que experi-

mentou unha caída do 47% no ano 2004.

Dende ano 1994 até hoxe, houbo varias tentativas na Organización Mundial do Comercio (OMC) para continuar liberalizando o comercio internacional. A OMC é a institución creada EN 1994 nos acordos do GATT para ocuparse do comercio internacional. Encontros da OMC ao máximo nivel, coma o de Seattle ou Cancún, foron un auténtico fracaso debido á presión social.

Os labregos e labregas, organizados a nivel mundial na Vía Campesina, fomos un actor importantísimo para facer fracasar estas reunións. Agora temos un novo reto: a OMC volve reunirse ao máximo nivel en Hong Kong en decembro de 2005. Antes, a OMC pretende organizar unha reunión previa en Xenebra (Suíza); será en xullo, e nela quere intentar chegar a uns acordos agrícolas nos que a Unión Europea ten a postura de seguir liberalizando e baixando os prezos. Postura insostible, tanto para os países enriquecidos como para os empobrecidos. Este tipo de acordos só benefician e dan ganancias ás multinacionais e ao capital financeiro. A Vía Campesina e a Coordinadora Labrega Europea (CPE) estanse preparando para dar unha resposta contundente en Xenebra e Hong Kong. O SLG decidirá, na reunión da Dirección Nacional que se vai celebrar no mes de xuño, cal vai ser a súa participación para facer presión nos gobernos galego e español para que deixen de apoiar a liberalización da agricultura na Unión Europea e nas reunións da Organización Mundial do Comercio.

O SLG cualificou como unha auténtica barbaridade que, desde institucións públicas como a Universidade de Vigo, se financien proxectos sobre biotecnoloxía na viticultura e fruticultura en base á enxeñería da manipulación xenética. E salientamos o cualificativo de barbaridade, xa que estas tecnoloxías, desde calquera punto de vista económico, ambiental e de saúde, non aportan ningún elemento favorable na elaboración de viños de calidade.

De feito, existe un amplo consenso entre técnicos reputados á hora de admitir o perigo que entrañaría o emprego de tecnoloxías transxénicas en cuestións tan sensíbeis como a tipicidade dos viños e a viabilidade das cepas.

E non o di só o SLG: poderíamos citar as opinións de técnicos da Federación Galega de Enólogos (Evega), por exemplo. A nivel internacional, elaboradoras tan prestixiosas como Puligny-Montrachet, e outros membros da Academia In-

Manipulación xenética de viñedos en Galiza: unha barbaridade

por Xosé Manuel González Vilas

ternacional do Viño, teñen definido a introdución de tecnoloxías transxénicas como un tema "silencioso, insidioso, e máis grave do que se pensa, pero do que non nos din nada e no que temos a impresión de que actúan ás nosas costas".

Na Galiza, existen varias viticulturas comarcais que abranguen caracteres atlánticos e mediterráneos, cunha diversidade varietal única por ser unha fistera vitícola en Europa, onde reputados ampelógrafos sitúan en máis de 80 as castes autóctonas propias. Isto danos unha grande vantaxe comparativa sobre outros países e rexións, e unha grande multiplicidade de tipos de viños, se temos en conta a diversidade de solos e microclimas.

A viticultura moderna que procu-

ra viños de alta expresión desbota tecnoloxías enolóxicas uniformizadoras, coma o emprego de levaduras de síntese, ultrafiltracións, microsixinación, osmose inversa, fitosanitarios de síntese e, desde logo, a enxeñería xenética. De feito, a nosa supervivencia como viticultura milenaria e labrega está en elementos como a escollo varietal, portaenxertos precoces, viticultura ecolóxica, levaduras autóctonas, etcétera, e así o testemuñan os nosos viños máis afamados.

Resulta un verdadeiro disparate agronómico e económico procurar cepas máis resistentes á seca no noso entorno xeográfico xa que, por moito que diminúan as precipitacións, estamos nun dos climas vitícolas máis húmidos do mundo

se o comparamos con zonas moitísimo mais secas (A Mancha, A Rioxa, Cataluña, Italia, Sudáfrica, California, Arxentina, Chile, etcétera).

Tendo en conta que non está permitida a produción en Europa da maioría dos transxénicos, así como os seus elaborados; e tendo tamén en conta que investigacións prioritarias, como a as que se desenvolven na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), reciben raquíticas achegas orzamentarias (a caracterización varietal e certificación material das nosas castes propias leva paralizada oito anos), raia na prevaricación destinar 15.000 euros a estas investigacións da manipulación xenética.

O suposto grupo científico do profesor Rei que traballa nestes proxectos non procura ningunha mellora na nosa viticultura, e o seu traballo semella responder máis ben a pretensións de narcisismo académico e, dende logo, só beneficia ás industrias químicas e farmacéuticas.

O Valedor do Pobo pídelles á Xunta a fin da forestación de terras agrarias

O SLG reclama dos partidos políticos galegos que asuman esta recomendación na seguinte lexislatura

As denuncias do Sindicato Labrego Galego sobre a forestación de terras agrarias veñen de recibir un apoio decisivo: o informe do Valedor do Pobo para o ano 2004. O capítulo referente

a este tema, redactado pola Vicevaldeadora Olga García Agra, non deixa lugar ás dúbidas: "Adicar as terras máis produtivas de Galicia para plantacións forestais é un uso prohibido pola

norma, na medida que non só constitúe unha utilización irracional dos nosos recursos naturais, senón que implica un gran risco de deterioro da alta produtividade do solo"

O Sindicato Labrego Galego fixo pública a súa satisfacción ante o capítulo 1.4 do informe do Valedor do Pobo do ano 2004, titulado "Control dos usos do solo rústico de protección agropecuaria na lei 9 / 2002" e redactado pola Vicevaldeadora segunda, Olga García Agra.

Este informe detalla o grave problema en cuestión de superficie agraria útil que arrastra o agro galego por mor da proliferación descontrolada de plantacións forestais, especialmente de eucalipto, e da invasión de terras agrarias. Os datos son reveladores: a superficie agraria útil en Galiza constitúe o 22% do territorio, mentres que no resto do Estado supón o 51%. E iso a pesar da sangría de explotacións que pecharon entre 1987 e 1997 no noso país, 112.600 (pasamos de 227.400 a 114.800), factor que debería ter contribuído a liberar terra para as explotacións que ficasen aínda activas, e aumentar a superficie agraria útil. Paradoxal-

mente, a superficie agraria útil en Galiza diminuíu na mesma década en case 89.000 hectáreas. A causa é que boa parte da superficie agraria útil liberada polo peche de explotacións abandonouse ou forestouse..

Para o Sindicato Labrego Galego, o problema da forestación de terras agrarias é de grande transcendencia, pois priva aos labregos e labregas de dispoñer de base territorial suficiente para desenvolver a súa actividade, e provoca outros problemas directos como un encarecemento dos custos de produción e a intensificación do modelo agrario, resultando disto unha produción alimentaria de peor calidade e con consecuencias negativas para a saúde humana.

O Sindicato Labrego Galego fixera, hai un mes, un chamamento á Xunta de Galiza -cun escrito ás consellarías de Medio Ambiente, Política Agroalimentaria, Política Territorial e Sanidade- para que paralizase un novo plan de



A Vicevaldeadora, Olga García Agra, foi a autora do informe que pide á Xunta a fin da forestación de terras agrarias

forestación de terras agrarias que tiña intención de pór en marcha. Agora, coa convocatoria de novas eleccións autonómicas, o SLG quere ampliar o seu chamamento a todas as

forzas políticas que concorran aos comicios para que asuman como prioridade nos primeiros días de goberno as recomendacións que a Vicevaldeadora, Olga García Agra, fai no seu informe.

O informe recomenda a regulación urxente dos usos do solo

O informe do Valedor é ben claro:

"Adicar as terras máis produtivas de Galicia para plantacións forestais é un uso prohibido pola norma, na medida que non só constitúe unha utilización irracional dos nosos recursos naturais, senón que implica un gran risco de deterioro da alta produtividade do solo, que é o valor declarado a protexer.

"É necesario e urxente a aprobación do regulamento que desenvolva pormenorizadamente os usos do solo determinados pola lei, en especial as condicións e límites das facultades de realizar plantacións no solo rústico e da actividade de realizar construcións para uso residenciais no solo de protección agropecuaria".

O pasado 7 de abril, o Sindicato Labrego Galego, despois dunha campaña de mobilizacións, conseguía que Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) aceptase que -nos sectores de ovino e caprino, e nas explotacións pequenas de porcino- non fose obrigatorio ter contedores na casa para depositar os cadáveres animais.

Esta decisión tomouse nun encontro en Madrid, no que o SLG estivo representado por Xosé Antón Ledo, Vitor Otero e Antonio Cabana; que se reuniron con técnicos de Enesa e do Ministerio de Agricultura. A xuntanza prolongouse por máis de dúas horas.

Dende o SLG, expuxéronse a grande cantidade de incon-

O SLG acada que os contedores de cadáveres non sexan obrigatorios

venientes que derivaban desta obriga: dificultade á hora de ter espazo para colocar o contedor, o seu alto custo económico, os problemas que terán as persoas maiores ou aquelas que traballen soas para depositar os animais, a imposibilidade de transportar os cadáveres cando a morte se produza lonxe da explotación ou en lugares inaccesíbeis para vehículos, non poder evitar que se depositen animais de ganderías alleas, o acceso dos camiós de recollida, ou o dificultoso de poder identificar aos animais dentro dos contedores cos riscos

sanitarios que podería traer canda si unha identificación deficiente.

Victoria grazas ás mobilizacións labregas

O resultado final da xuntanza foi que a Administración comprometeuse a suprimir a obrigatoriedade de mercar os contedores, que pasará a ser unha decisión optativa no sector de ovino e caprino. Como contraprestación, o SLG comprometeuse a que os labregos e labregas faciliten a tarefa de pesar os animais mortos que se recollan.

En canto ao sector porcino,

existía o problema de que a lei non distinguía ás grandes explotacións das familiares.

En Galiza, existen unha grande cantidade de explotacións que crían un reducido número de animais, e para as que non ten sentido mercar un contedor. Enesa comprometeuse, tamén neste caso, a fixar unha cifra de animais que, en caso de non ser superada, fará que a explotación non teña a obriga de adquirir o contedor. Esta cifra podería abanear entre os cinco e os quince porcos.

Dende o SLG, informouse de que se vai traballar para

que, na convocatoria de seguros do ano que vén, non se produzan erros como na actual. Para iso, iniciaranse contactos coa nova Consellaría de Política Agroalimentaria que xurda despois das Eleccións Autonómicas para chegar a un acordo sobre que requisitos e pautas a seguir nos seguros da vindeira campaña. Neste senso, o SLG incidirá para que os seguros non experimenten unha suba fóra do normal.

E falando da Consellaría, o SLG tamén lle pedirá que se comece a desenvolver o regulamento que rexerá a marcaxe de reses no sector ovino e caprino, que entrará en vigor a mediados deste ano e deberá ser electrónica de xeito obrigatorio no ano 2008.

Política Agroalimentaria defende unha postura suicida para o sector lácteo

A Consellaría esixe que se manteñan a especulación e as mafias da compravenda privada de cota láctea

O Sindicato Labrego Galego amosou a súa consternación e o seu rexeitamento máis firme ante a nova posición adoptada pola Consellaría de Política Agroalimentaria, que afirmou, publica-

mente en abril, unha barbaridade tal como que eliminar a compravenda privada de cota láctea entre particulares prexudica a Galiza. Antes, xa criticara a actitude do Conselleiro, que acudiu á

Conferencia Sectorial do Leite de Palma de Mallorca, celebrada o 18 de abril, sen adoptar unha postura común para Galiza dialogando co sector produtor e coas organizacións agrarias.

O Sindicato Labrego recorrou ao Conselleiro que, precisamente, a compravenda privada de cota levámola aturando, coa complicidade da Xunta, máis dunha década cun saldo claro e demolidor: máis de 14.000 explotacións lácteas pechadas en Galiza dende 1992, e un medio rural cunha crise aguda de desertización.

Detrás desta situación crítica do noso agro agáchase, evidentemente, a compravenda de cota entre particulares. Esta práctica fomentou a especulación e a proliferación de mafias, aumentando desorbitadamente os prezos dos dereitos e forzando ás explotacións galegas a dúas saídas: ou pechar por non poder ampliar a súa capacidade produtiva, ou someterse a un forte endebedamento e hipotecar o seu futuro para poder mercar cota.

Por primeira vez en moitos anos, o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo presentado polo Ministerio de Agricultura está a dar esperanzas a miles de explotacións galegas que se beneficiarán ao poder incrementar a un prezo razoábel a súa capacidade produtiva para acadar a viabilidade económica que lles permita continuar.


Non embargante, e facendo gala dunha política de catacumbas totalmente allea

á realidade do país, Política Agroalimentaria avoga agora por manter a compravenda privada de cota sen falalo previamente co sector, e facendo gala dunha postura corporativista e politizada, que pretende obter réditos electorais para o PP a costa do futuro do sector.

Firme oposición do Sindicato Labrego

Dende logo, esta posición da Consellaría supón un insulto e un desprezo aos miles de explotacións galegas que aínda poden ser viábeis se amplían a súa capacidade produtiva. A política positiva de Política Agroalimentaria para o sector, e para o desenvolvemento rural en xeral, pasa por garantirlle o futuro a estas explotacións. Esta política feita pública pola Consellaría de Política Agroalimentaria condena a todas estas explotacións a un peche seguro, e beneficia só a unhas poucas granxas de corte industrial e sobredimensionadas nun medio rural morto e desertizado.

Dende logo, se Santiso Miramontes non dá marcha atrás neste posicionamento suicida para o noso sector lácteo e o noso agro, atopará no Sindicato Labrego Galego unha firme e contundente oposición. E así se lle fixo saber nun comunicado público do SLG.



O SLG oporase a esta postura do Conselleiro contraria aos intereses do sector lácteo galego

Posturas unilaterais tomadas ás costas do sector

Política Agroalimentaria comezou o mes con mal pé, mantendo desinformadas ás organizacións agrarias galegas sobre a Conferencia Sectorial do Leite celebrada en Palma de Mallorca o 18 de abril, e sen acadar unha postura conxunta co sector (produción e organizacións). A Xunta segue defendendo os seus intereses políticos antes có sector.

Así, o SLG tivo que defender en solitario, dende Galiza, que o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo contemple criterios de puntuación á hora de establecer prioridades como que a titular dunha explotación sexa muller -criterio que se debería ampliar a aquelas explotacións nas que as mulleres sexan cotitular-; e a base territorial das explotacións, que favorecería a explotacións que producen en base á terra.



Cada curso celebrarase en varios lugares de Galiza. Se desexas máis información, pregunta na túa oficina do SLG máis achegada.



Fundación Tripartita
PARA A PROMOCIÓN DO DESEMPREGO

HORAS

DENOMINACIÓN

- | | |
|----|---|
| 30 | PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA ACTIVIDADE AGRARIA |
| 30 | AGRICULTURA ECOLÓXICA. BÁSICO |
| 30 | APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS. USO AGRÍCOLA |
| 25 | APLICACIÓN RACIONAL DOS MEDIOS DE PRODUCCIÓN |
| 40 | ARTESANÍA ALIMENTARIA |
| 50 | ARTESANÍA EN CERÁMICA E MADEIRA |
| 30 | CATA E ELABORACIÓN DE VIÑOS |
| 25 | CURSO BÁSICO DE INTERNET E COMERCIO ELECTRÓNICO |
| 30 | ELABORACIÓN ARTESANAL DE PRODUTOS ALIMENTARIOS |
| 20 | FRUTICULTURA |
| 20 | HIXIENE, SANIDADE E CALIDADE NA PRODUCCIÓN DE VACÚN |
| 30 | INFORMÁTICA USUARIO: INTRODUCCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS INFORMÁTICAS |
| 60 | INFORMÁTICA APLICADA A EMPRESA AGRARIA |
| 30 | NOVAS TECNOLOXÍAS NO CULTIVO DA VIDE |
| 25 | ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS |
| 40 | PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS |
| 20 | PODA DE ÁRBORES |
| 40 | RESTAURACIÓN DE MOBLES E FERRAMENTAS DO CAMPO |
| 25 | TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN |
| 35 | XARDINERÍA I: ARTE FLORAL |



Europa importa un millo manipulado ilegal por un “erro” de Syngenta

Entre os riscos deste transxénico está o aumento da resistencia aos antibióticos de bacterias patóxenas

Un “erro” da transnacional Syngenta no etiquetado de sementes transxénicas levou ao cultivo en América dun millo manipulado non autorizado, e á entrada ilegal en Europa dunha cantidade estimada entre as 1.000 e as

30.000 toneladas desta variedade. Quen sementa ventos, apaña tempestades: a política de cancelas abertas da Comisión Europea aos organismos manipulados na agricultura comeza a dar os seus froitos.

O 22 de marzo, a Comisión Europea foi informada de que a compañía Syngenta vendera, entre o ano 2001 e 2004, uns 14.000 sacos de sementes dun millo transxénico non autorizado.

Calcúlase que a semente, que a compañía afirma ter etiquetado por erro como unha variedade autorizada, cultivouse nunha superficie duns 150 quilómetros cadrados en Estados Unidos, así como en Canadá e Arxentina, producindo a nada desprezable cantidade de 150.000 toneladas de millo transxénico ilegal. O destino final da quinta parte desta colleita, aproximadamente, foi á Unión Europea, principalmente España, que é un dos maiores importadores europeos de millo para penso.

A variedade sementada sen autorización, o Bt 10, é semellante ao millo insecticida denominado Bt 11, e foi comercializada coma se fose deste último tipo, cuxa aprobación na Unión Euro-



O millo manipulado Bt 10 podería deparar desagradábeis sorpresas á cidadanía europea

pea fora moi polémica ao cuestionarse a súa seguridade polos comités de expertos de varios países.

Pero, a realidade, é que as características que diferencian ao Bt 10 do Bt 11 autorizado en Estados Unidos e

na Unión Europea son importantes, e fan que a súa comercialización ilegal sexa sumamente inquietante.

O Bt 10 ten un marcador de resistencia á ampicina prohibido en Europa

O Bt 10 leva un xen marcador de resistencia á ampicilina, que a Axencia de Seguridade Alimentaria Europea recomendou eliminar para evitar a posíbel propagación de resistencia a este antibiótico a bacterias patóxenas, un problema de saúde de enorme gravidade.

A retirada deste tipo de marcadores a partir de xaneiro de 2005 é unha das esixencias da nova lexislación europea sobre organismos manipulados xeneticamente, cuxa aprobación condicionou a moratoria europea.

Por outra banda, e aínda que a secuencia xenética incorporada ao millo Bt 10 para que produza a proteína insecticida é semellante á do Bt 11, as variedades Bt 11 producen unha cantidade sete veces maior de toxina. Is-

to pode deparar desagradables sorpresas aos labregos e labregas en caso de praga. Pero, o que é máis grave, esta diferenza no comportamento dos dous millos indica que a información xenética estraña é moi posíbel que se integrase nunha rexión cromosómica distinta, afectando de xeito diferente á planta, o cal é habitual dada a imprecisión das técnicas de manipulación xenética. A súa inserción podería alterar outras características e funcións da planta, con efectos totalmente imprevistos.

O erro de Syngenta xa fora detectado en decembro

Sorprendentemente, a pesares de que o “erro” fora detectado en Estados Unidos a mediados de decembro

e Syngenta asegura ter advertido ás autoridades de inmediato. Non embargante, a Comisión Europea no foi informada disto ata finais do mes de marzo.

A Comisión Europea solicitou a Syngenta a caracterización molecular completa do Bt 10 para poder detectar a súa presenza e controlar a posíbel entrada en Europa desta variedade, e ameazou con prohibir as importacións de millo á Unión Europea.

Sen embargo, os posíbeis danos, en caso de que os houberse, serían xa irreparábeis, pois a dispersión e contaminación transxénica é imposible de controlar unha vez que un organismo manipulado foi liberado no medio ambiente.

Investigacións que relacionan os pesticidas co cancro en Granada e Francia

A Mutualidade Social Agrícola (MSA) iniciou o 30 de marzo en Francia unha investigación a grande escala sobre a posíbel relación entre pesticidas e cancro, a primeira deste tipo no país. Serán enquisados uns 600.000 labregos e labregas en activo e xubilados, dos cales 80.000 serán obxecto de seguimento durante varios anos.

O estudo parte da base de que os labregos e labregas sonos profesionais máis expostos aos herbicidas, pesticidas ou funxicidas, algúns dos cales provocan intoxicacións agudas en doses altas ou implican riscos a máis longo prazo (cancros, reprodución).

A investigación tratará de explicar por que a xente labrega desenvolve globalmente menos cancros que o resto da poboación, pero cancros máis raros (leucemias, linfomas malignos, mielomas, cancros cerebrais e cutáneos, etcétera). Os primeiros resultados agárdanse no 2008.

Malformacións neonatais demostradas

Os investigadores da Universidade de Granada, o Laboratorio de Investigacións Médicas e o Servicio de Pediatría do Hospital Clínico, veñen de publicar un informe titulado que demostra malformacións neonatais do aparato xenitourinario por mor do efecto dos pesticidas.

O estudo partía da evidencia de que a incidencia de criptorquidismo (testículos non descendidos) é máis alta en áreas con maior exposición a pesticidas. Sobre esta base realizouse o estudo no sureste español para tentar determinar os factores prenatais de risco prestando especial atención á exposición a substancias químicas ambientais.

Tralas análises, os resultados obtidos permitiron apuntar unha relación entre a exposición a compostos químicos coa actividade hormonal e o maior risco de criptorquidismo e hipospadias (fusión incompleta dos pregues uretrais).

Unha multinacional revendía carne caducada tras manipulala

Public Citizen denunciou as prácticas sanitarias ilegais da cárnica estadounidense Smithfield en Polonia

O escándalo de Constar, unha filial de Smithfield, é un bo exemplo que ilustra os problemas da produción industrial de carne. No pasado mes de marzo, un reporteiro da televisión polaca TVN investigou no interior

da fábrica as condicións da carne Constar en Starochawice, e descubriu prácticas sanitarias máis que dubidasas. Entrou como traballador nunha das fábricas consideradas como das máis modernas de Polonia.

O descubrimento deste reporteiro foi un auténtico escándalo: os empregados transformaban en "frescas" as carnes caducadas coa axuda de aceite, trocando despois a data de caducidade na embalaxe.

No intre en que os distribuidores devolvían á empresa a carne cando a data de caducidade era superada, a fábrica de Constar non a destruía, tal como esixe a lei. En troques, a carne reacondicionábase e redistribuíase nas tendas, todo baixo as ordes explícitas da dirección de Constar.

As frecuentes inspeccións sanitarias fan sospeitar que os inspectores veterinarios rexionais están implicados. Estas prácticas mantivéronse vivas ata que os medios de comunicación revelaron á cidadanía o caso. Inmediatamente, as distribuidoras decidiron retirar os produtos Constar dos seus almacéns.



Constar ten unhas xigantescas instalacións en Starochawice consideradas "modélicas"

A Ministra de Agricultura, Wojciech Olejniczak, declarou que se tomarán medidas para prohibir, alomenos temporalmente, a produción e preparación de carnes en las fábricas pertencentes a Constar.

A firma Constar pertence ao grupo Animex, que está controlado polo xigante estadounidense de derivados cárnicos Smithfield Food. Esta non foi a primeira vez que acusan a Smithfield de non respectar as normas

sanitarias e medioambientais. Esta multinacional é ben coñecida en Estados Unidos, o seu país de orixe, onde foi declarada culpable nos tribunais, en numerosas ocasións, por levar a cabo prácticas sanitarias ilegais.

A Comisión Europea recortará as indemnizacións a zonas desfavorecidas

A Comisión Europea calcula que 1.074.000 hectáreas en España deixarán de recibir as axudas ao desenvolvemento rural en zonas desfavorecidas, se se aplican os criterios propostos por Bruxelas para o período 2007 a 2013.

España conta actualmente con 20.411.000 hectáreas que reciben indemnizacións compensatorias por estar en zonas de montaña ou desfavorecidas. Este territorio repártese en 7.503.300 hectáreas de zonas de montaña, 700.000 en zonas específicas, e 12.208.000 en zonas intermedias.

A intención da Comisión é conservar só as axudas ás zonas de montaña e a aquelas que teñan dificultades naturais específicas, retirándolle os apoios ás zonas que levaban os cartos por criterios socioeconómicos. Para isto, ampararanse en determinadas esixencias de produtividade da terra, como porcentaxes obrigatorias de terreo de baixo rendemento ou determinadas condicións para os pastos.

No caso español, os recortes afectarían a preto dun 9% o territorio que actualmente recibe apoios como zona intermedia.

Estados Unidos exporta arroz un 34% por baixo dos custes de produción

Intermon Oxfam vén de publicar un informe titulado "Botar a porta abaixo" no que analiza como os acordos da Organización Mundial do Comercio (OMC) supoñen unha grave ameaza sobre as comunidades labregas máis pobres.

Neste informe, Oxfam denuncia que, mentres que se forza aos países en desenvolvemento a abrir os seus mercados, Estados Unidos subvenciona aos seus produtores de arroz con 1.300 millóns de dólares ao ano para que poidan exportar, por debaixo dos custes de produción (dumping), os seus excedentes agrícolas.

Esta estratexia vólvese de dous instrumentos fundamentais: a OMC e os trata-

dos de comercio rexionais e bilaterais. Unha das máximas expresións disto témolo no Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN), que ata o de agora afectaba aos Estados Unidos e aos países centroamericanos, e que vén de ampliarse coa entrada da República Dominicana.

Oxfam advirte que TLCAN afectará drasticamente a 17.000 labregos e labregas de Nicaragua. As cifras poden darnos unha idea da magnitude da crise que se lle avaiña ao agro nicaraguense: o orzamento con que Estados Unidos subvenciona ás súas explotacións arroceiras e cincuenta veces maior que todo o orzamento agrario do país centroamericano. Algo así

acontecera con Honduras, cando abriu as súas fronteiras ao arroz ianqui en 1989; dende aquela, as exportacións de arroz de Estados Unidos a este país multiplicáronse por trinta.

Non é de estrañar, pois Estados Unidos produce 47 millóns de toneladas de arroz só para exportar, e véndense no mercado mundial a un prezo o 34% inferior ao que custou produci-lo.

As grandes beneficiadas desta política son as transnacionais norteamericanas. Por exemplo, Riceland Foods, de Arkansas, multiplicou os seus beneficios entre 2002 e 2003 grazas ao aumento dun 50% nas súas exportacións. Boa parte destes excedentes



O Acordo de Libre Comercio das Américas (ALCA) está a provocar o rexeitamento unánime dos labregos e labregas

foron parar a Haití, un dos países máis pobres do mundo, que tivo que abrir as súas fronteiras polas presións do Fondo Monetario Internacional (FMI). ¿O resultado? Hoxe, o 75% do

arroz que consumen en Haití vén de Estados Unidos.

Todo isto que acontece no comercio do arroz, repítese noutros sectores como a carne de polo, o leite, o azucre, a soia, o millo ou o trigo.

Gordoncillo: o viño como dinamizador de todo un pobo

Medio cento de viticultores do SLG viaxaron a León para ver unha experiencia de recuperación do viñado

Un grupo de 55 viticultores da zona do Ribeiro, principalmente, viaxou á localidade de Gordoncillo, en León, onde puideron coñecer unha experiencia, que xa dura nove anos, consistente en asociar nunha empresa

colectiva á xente do lugar para recuperar os cultivos perdidos de viñado. ¿O resultado?: postos de traballo, aumento da poboación, dinamización rural... En resume, a resurrección dunha comarca que estaba a morrer.

Esta experiencia naceu a raíz de que Gordoncillo, que chegou a ter mais de 1500 habitantes hai corenta anos, sufriu nas últimas décadas unha recesión demográfica que o deixou só cunha poboación de 700 persoas nos anos oitenta por mor do emigración e, sobre todo, polo abandono do viñado nas décadas dos sesenta e dos setenta. Neste senso, o alcalde explicou que "cando había viño en Gordoncillo, había riqueza; cando se abandonou, só miseria".

Para o alcalde de Gordoncillo, a Política Agraria Común (PAC) non serviu para fixar poboación e emprego, xa que mesmo o abandono do viñado veu favorecido polas axudas europeas para o cereal. Nos anos corenta había na comarca preto de 1000 hectáreas de viñado; nos anos



En Gordonzella SA contan cunhas modernas instalacións para a elaboración do viño

oitenta non pasaban de 50 hectáreas que, ademais, estaban mal coidadas.

Agora, grazas ao esforzo colectivo do pobo, e tamén pola iniciativa do alcalde e outra persoas, puideron constituír unha empresa

chamada Gordonzello SA, na que os donos das fincas cambiaron as súas propiedades por accións. En poucos anos plantaron máis de 250 hectáreas da empresa, e outras 100 doutras explotadoras. A empresa xa pro-

duciu máis de corenta empregos directos, a metade mulleres. A partir de aquí, comezou a recuperación demográfica. Segundo o alcalde, "se non fixeramos isto, agora o pobo non pasaría das 500 persoas.

Recuperación de 350 hectáreas de dereitos recurrido co catastro de 1945

O alcalde explicou cómo puideron recuperar para o rexistro vitícola mais de 350 hectáreas de dereitos de viñado só co documento do catastro de 1945, aínda que fosen viñedos totalmente abandonados. Isto contrasta coa incompetencia da Xunta, que non permitiu que se recuperase ningún dereito histórico das nosas ribeiras.

Tamén se criticou o feito de que os dereitos puidesen ser obxecto de es-

peculación, estando todos de acordo en que se unha persoa abandona a actividade vitícola, os dereitos deben pasar a unha bolsa para repartir a novos explotadores mozos ou mozas, entre outros criterios de preferencia.

O alcalde chegou a afirmar que, de non iniciarse o proxecto hai nove anos, xa non habería nin un triste dereito, xa que os especuladores de outras zonas os teríanos mercado.

Outra das claves da milagre de Gordoncillo foi a loita contra a presión política da Xunta de Castela e León, xa que o alcalde é dun partido distinto ao que goberna. Isto provocou que as axudas non fosen todas as debidas.

Actualmente, Gordonzello SA ten unha adega con capacidade para máis dun millón de litros, e agora mesmo están a exportar algunha partida de viños de alta calidade.

O SLG denuncia na Feira do Viño do Ribeiro a crise no agro na comarca

O SLG aproveitou a XLII Feira do Viño do Ribeiro para facer un acto reivindicativo diante dos políticos que alí estaban. A intención era lembrarles, a través da denuncia, o abandono da economía labrega da comarca, que se traduce en centos de hectáreas de viñedos a ermo, e nunha grave perda de poboación moza en viñas e adegas.

Contra a propaganda oficial de que o Ribeiro vai moi ben, os datos amosan que, desde os anos oitenta, perdeuse preto do 50% da produción de viño. Ademais, desde que rematou a vixencia do contrato homologado no ano 2000, os prezos da uva e viño non deixaron de caer. Por riba, seguen perpetrándose moitos abusos por parte de almacenistas e industriais.

Aínda, o SLG quixo lanzar tamén unha mensaxe de esperanza e ánimo, xa que o Ribeiro vive e pode presentar uns caldos de categoría que aínda manteñen a honra da Denominación de Orixe.

Trala inauguración, o Sindicato Labrego Galego mantivo unha xuntanza co Director Xeral de Industrias Agroalimentarias do Ministerio de Agricultura, Jorge Santiso; co Subdelegado do Goberno en Ourense, e co alcalde de Ribadavia, para que tomaran nota das nosas reivindicacións. Tamén se aproveitou para transmitir a Jorge Santiso que a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, aínda non se dignou a recibir á nosa Secretaria Xeral, Lidia Senra, polo que tamén se comprometeu a dilixenciar de contado a demanda.

Cursos, viaxes e eventos



■ Curso de enoloxía e cata no Centro Cultural de Areas, durante o mes de maio en Tui.

As xornadas de enoloxía terán lugar os días 18, 19 e 20 de maio ás 7 da tarde.

As xornadas de cata terán lugar o día 21 ás 10 da mañá, o día 27 ás 7:30 da

tarde, e o día 28 ás 10 da mañá.

Para anotarse chamar ao teléfono 669 808 416

■ Viaxe á Estación Enolóxica de Arcos de Valdevez, en Portugal o día 17 de Maio.

Para anotarse chamar ao teléfono 669 808 416

■ Dirección do viño, o próximo 14 de maio en Ribadavia

O próximo sábado 14 de maio hai Dirección do Viño en Ribadavia, na Casa de Cultura, ás 10:00 horas.

Os temas a tratar serán: informe do Secretario de Acción Sindical, prezos e contratos, novidades en seguridade alimentaria, o futuro

das denominacións de orixe e os seus consellos reguladores.

Convocadas tódalas aquelas persoas que foron eleixidas para a Dirección do Viño no Congreso de Monforte.

■ Curso de Viticultura en Carballo (Lugo).

Datas por determinar. Apuntarse no local de Chantada ou no 666 935 548.

Francisco Rego, responsábel de viticultura na Estación Vitícola e Enolóxica de Galiza (Evega)

“Antes, sobraba viño d'A Mancha e os políticos non tiñan interese nunha viticultura galega”

Francisco Rego Martínez é, actualmente, responsábel da Área de Viticultura da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galiza (Evega), lugar onde realiza o seu labor profesional

dende 1993. O seu oficio xa vén de vello, de cando se iniciara neste mundo en 1974, traballando para Extensión Agraria. Esta longa traxectoria relacionada sempre co sector vinívola

galego, dalle uns coñecementos e unha perspectiva privilexiados sobre os problemas e perspectivas deste eido, que non dubidou á hora de compartir cos lectores e lectoras de Fouce.

■ Como evolucionou a viticultura galega desde que comezou a traballar?

Daquela, había directrices de que a viticultura, en Galiza en xeral, e a do Ribeiro en particular, non importaba. A filosofía de que sobraba viño d'A Mancha, e de que aquí a viticultura non tiña moito interese para os políticos daquela época, deu resultados curiosos, como que se fixesen aquí plantacións de pexegueiros tipo California que non se adaptaban a este clima.

O viño despuntou co réxime autonómico cando, timidamente, se puxeron en marcha unhas axudas e empezou a arrincar a viticultura galega. A día de hoxe, o viño galego está collendo peso coas denominacións de orixe, e mesmo parece que hai un renacer dos viños, aínda que máis na enoloxía que na produción vitícola.

■ E a evolución no eido particular da viticultura?

Houbo un procesos de baixada da viticultura das ladeiras, onde tiña que estar, ata os fondais. A maiores, e por lóxica, pro-

duciuse un cambio cara a variedades máis produtivas, pois as castes de calidade non eran apreciadas ao ter unha produción menor.

Neste senso, introducíronse bravos que non eran moi axeitados, de maneira que castes como a Treixadura ou o Godello non se pagaban como merecían. De aí que se introducisen variedades como Xerez ou Alacante, que se pagaban máis e daban maior produción. A isto tamén axudou que non houbese consumidores que apreciasen esas variedades.

■ Por que pensa que se abandonaron as ladeiras?

As ladeiras son de manexo mais difícil e de menor produción, polo que se trocou aos fondais, que adoitaban a ser soutos de castiñeiros ou leiras nas que se cultivaba millo ou produtos hortícolas. Hoxe, afortunadamente, estase recuperando unha potencialidade de calidade tremenda, aínda que sigue pendente a reestruturación do terreo.

Aquí, no Ribeiro, o único exemplo que temos é o da



Francisco Rego Martínez ten ás súas costas unha carreira profesional no eido da viticultura de case tres décadas

parcelaria de San André, supoño que correcta e necesaria. De todos xeitos, parécese que estamos en desvantaxe, pois en Galiza,

agora mesmo, temos moitas zonas de fora con menores custes de produción e onde se aplican mellores calidades.

“O camiño que lle queda á viticultura galega é valorar a terra e facer ben as cousas”

■ Por último, ves posibilidades para os mozos e mozas á hora de incorporarse á viticultura?

Cando plantas unha cepa é posible que dure máis que un. Cando alguén se introduce neste sector, ten que saber que a viticultura é unha cuestión a longo prazo, de ter unha mínima dimensión. Hoxe, hai unha tremenda competencia.

O viño non é un artigo de primeira necesidade, como as patacas, o pan, ou o leite; se a economía vai mal, imos ao hiper e mercamos viños de un euro e pico. É dicir, o futuro do sector sempre estará ligado a como vaia a economía xeral.

O único camiño que lle queda á viticultura galega e atlántica, a da Europa da calidade, é ir tirando coma os franceses, valorando a terra e facendo ben as cousas. Para facer o contrario, temos unha viticultura de tipo mediterráneo, como a d'A Mancha: ter grandísimas producións con fertirrigación, obtendo unha calidade aceptable a baixo custe. Dese viticultura que produce viño a un e a dous euros, sempre imaxinamos que as alfándegas eliminaron os aranceis: iso é a globalización.

Nós, ou ofrecemos algo moito mellor e distinto, ou teremos que pechar. Cómpre defender rendementos comidos e coidar dos terreos e das castes nos seus sitios, ademais de que enoloxía non teña fallos; máis só con enoloxía, esquecendo a viticultura, non temos moito que facer.

“É fundamental que Evega se poña ao día na formación de viticultores”

■ O SLG está traballando a reestruturación, e non sabemos se as axudas europeas seguirán. Que avaliación faría dos últimos cinco anos, nos que houbo maiores axudas?

A reestruturación é un arma de dobre gume. No período que traballei en Extensión Agraria, o mínimo eran 500 metros, e había que ir máis a ver tamén a orientación das filas, o marco de plantación, e se no futuro eses terreos se poderían beneficiar dunha concentración parcelaria para que só houbese que mover os marcos. Desde logo, a reestruturación é boa cousa. Por outra banda, penso que é positivo

que haxa máis Treixadura e menos Xerez e Alacante. Hoxe en día, segue pesando a mínima estruturación das parcelas.

■ Na Estación Enolóxica de Galiza tamén traballan os aspectos formativos. Como ven o tema da formación dos viticultores?

Na Estación estamos con investigacións que son moi lentas. Respecto ao que me preguntas, a enoloxía avanzou moito. Unha persoa do sector que teña diñeiro, non se priva de pagar un bo enólogo. Na Estación Enolóxica cómpre mellorar aspectos como a mecanización, que é imperativa pola

falla de mao de obra. Ademais, houbo unha época na que se nos foi xente moi válidas, que cambiou a tarefas administrativas. Dende a Estación, a un viticultor se lle axuda a poñer un viñado, pero non se lle forma en aspectos como as variedades, a elección de marco de plantación, etcétera. É dicir, que se lle entrega a troita, pero non se lle ensina a pescar. Eu penso que o fundamental poñernos ao día na formación da forma debida. A Administración traballou na burocracia das axudas, pero esquecendo tanto a formación dos viticultores como a reciclaxe periódica do persoal técnico.

A DTA entrega as reivindicacións do sector á Executiva do SLG

Tamén propuxo iniciar unha campaña para pedir a indemnización a plantacións afectadas pola choiva aceda

Da última xuntanza da Dirección Transversal de Agroecoloxía do SLG xurdiron dous novos temas de importancia: o primeiro, a posibilidade de iniciar unha campaña para que se compense ás plantacións afectadas pola

choiva aceda; o segundo, a entrega á Executiva do SLG da táboa reivindicativa para o sector para a súa aprobación. Por outra banda, a DTA amosouse decepcionada polo tratamento no caso de Xan Pouliquen.

Na xuntanza da Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA) do 15 de marzo informouse do encontro que mantiveron representantes do SLG cun experto en choiva aceda que recoñeceu danos importantes en Galiza. A Xunta impón taxas ás industrias contaminantes que van a un fondo de compensación. A existencia deste diñeiro non é xeralmente coñecida, polo que non se fan reclamacións.

A DTA decidiu que o Sindicato Labrego debería valorar a posta en marcha dunha campaña de concienciación sobre os danos e para informar das compensacións monetarias ás que se teñen dereito para custear danos demostrados.

Para demostrar danos sería preciso facer análises. A Consellaría de Política Agroalimentaria non parece interesada en iniciar o proceso de detección, nin en facer nada por evitar a choiva aceda, nin en comunicar publicamente a existencia dos devanditos



A choiva aceda ten efectos devastadores, tanto nas leiras como nas plantacións forestais

fondos de compensación. Non ten habido ningún tipo de reclamación, o que fai pensar que habería que insistir no tema por tratarse de algo novo, sen vías de actuación establecidas.

Aproveitando a presenza de Xosé Ramón Cendán, membro das executivas do SLG e da Coordinadora Labrega Europea (CPE), fíxoselle entrega dunha táboa

reivindicativa de agricultura ecolóxica elaborada pola DTA, onde se presentan medidas para a mellora da agricultura ecolóxica en particular, e algunhas de beneficio xeral. A táboa circulou polos locais para ser debatida e para recoller suxestións, que foron integradas no texto presentado.

Unha vez que a Executiva lle dea o visto bo, farase

unha xuntanza nacional para pechar o documento e decidirse que facer con el.

Para acadar maior eficacia na organización do sector ecolóxico, identificouse aos afiliados e afiliadas por tipo de produción e por zona, ademais dos posibles posibles "faros" (afiliados e afiliadas con experiencia ecolóxica que poidan orientar á xente que empece no tema).

Malestar pola actitude tomada na marcha de Xan Pouliquen

Xan Pouliquen, extraballador do SLG e animador da DTA, foi obxecto de discusión. Na xuntanza anterior, a DTA expresou malestar pola súa perda e as circunstancias da súa marcha en novembro. Pouliquen explicou as razóns da súa dimisión en cartas aos membros da Executiva e aos traballadores do sindicato que criticaban o funcionamento do SLG.

Por parte do Sindicato Labrego, houbo aceptación plena da súa marcha, sen intentos de saber as razóns do seu descontento alén das expresadas na carta, nin de negociar con el ningún tipo de resolución.

Na xuntanza anterior, a DTA pediu poder aclarar cousas sobre a marcha de Pouliquen na Executiva. Acordouse que tres membros da DTA comparecesen. No día e hora acordados, só asistiron seis traballadores do SLG e dous labregos. As representantes da DTA ficaron decepcionadas coa actitude da Executiva.

Xosé Ramón Cendán levou unha carta para a Executiva, expresando esta decepción e pedindo a implicación da DTA nas decisións e actuacións en agricultura ecolóxica. A presentación da carta aprobouse por maioría, habendo quen cualificou o seu ton de "autoritario".

O Presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega), Gabino Vázquez, informou no último pleno -30 de marzo- que Política Agroalimentaria non aceptou o proxecto de regulamento interno entregado en agosto do 2004.

O borrador dese regulamento, de 76 páxinas, foi entregado aos vocais dous días antes do pleno do 6 de agosto de 2004, e aprobado co voto en contra da vocal do SLG, Ágatha Bröskamp, quen alegou entón que as propostas do borrador modifican a orde constitutiva do Craega e o decreto de eleccións dos consellos reguladores en Galiza, textos que non pode modificar un

O Craega é o único consello regulador galego que carece de regulamento interno

regulamento interno. Tamén alegou que cumpría máis tempo para o seu estudo, ademais de asesoramento e consulta aos diferentes sectores do Craega.

O Sindicato Labrego Galego fixo unhas primeiras emendas, propostas e suxestións, ante Política Agroalimentaria, indicando especialmente que o regulamento proposto non contemplase a derogación da orde constitutiva, que atenta contra o principio de seguridade xurídica, que xera indefensión e vulnera derei-

tos fundamentais, que carece de coherencia xurídica e que contradí claramente o decreto 63 / 2002, polo que se regulan os procesos electorais para a renovación dos membros dos consellos reguladores de denominacións de calidade en materia agroalimentaria.

O borrador foi tan confuso e contradictorio, que se lle comunicou á Consellería que, para desenvolver alegacións ao proxecto de regulamento, cómpre coñecer primeiro si se van tomar as disposicións que o axusten

á normativa vixente -como a derogación das citadas orde e decreto- para, nese caso, traballar sobre o texto.

Coa información no pleno, o presidente do Craega, Gabino Vázquez, afirmou o que a Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria xa comunicara nunha xuntanza no mes de xaneiro á Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, á vocal Ágatha Bröskamp, e á responsable do sector ecolóxico do SLG, Silvia González, que o Regulamento presentado é inutilizábel.

Oito anos despois da súa constitución, e tras oito anos co mesmo presidente, o Craega segue sendo o único consello regulador sen regulamento interno.

Betanzos acolle a terceira edición da súa feira de produtos ecolóxicos

O vindeiro 20 de maio celebrárase en Betanzos a terceira feira de produtos ecolóxicos, que ten periodicidade trimestral e se desenvolverá toda a xornada.

Para poder participar nela, é necesario ter o produto certificado. Poden asistir todo tipo de producións.

Organizan o Concello de Betanzos e o Sindicato Labrego Galego. As anteriores edicións foron un éxito. Para participar, hai que chamar ao 647 535 841.

Mulleres do SLG coñecen a agricultura andaluza nunha viaxe dunha semana

A responsábel da Secretaría da Muller, Isabel Vilalba, relata as experiencias do medio cento de participantes

Andalucía é unha terra de contrastes e, como non podía ser doutro xeito, a súa agricultura tamén. Así o comprobou o medio cento de mulleres labregas do SLG que viaxaron, entre o 10 e o 17 de

abril, ata Andalucía para coñecer diversas experiencias agrícolas e desenvolvemento rural: dende os métodos labregos que optan pola calidade dos alimentos, ata os mares de plástico

onde nin sequera necesitan terra para poder cultivar. Ademais da perspectiva profesional, a experiencia completouse cunhas ricas relacións humanas e diversos roteiros culturais.

Máis de cincuenta mulleres do SLG participamos, entre os días 10 e 17 de abril, na viaxe formativa que se realizou a Andalucía. A zona da Serranía de Ronda en Málaga foi o noso primeiro destino, en concreto Benalauría.

Nestas primeiras xornadas, encontrámonos con Antonio e Belén que, co resto de compañeiros e compañeiras, teñen o obxectivo de facer da súa vila un lugar no que a xente moza poida quedar, ter un posto de traballo, dispoñer de servizos públicos dignos e, en definitiva, manter viva Benalauría.

Alí, puxeron a andar unha morea de iniciativas tales como un restaurante que se abastece de produtos da zona, un ecomuseo, ou un obradoiro de elaboración de conservas a partir de materias primas da Serranía.

Outro dos proxectos virou arredor da recuperación para turismo rural dunha



Máis de medio cento de afiliadas do SLG viaxaron por terras de Ronda, Alemería e Granada para coñecer o agro de Andalucía

gran cantidade de vivendas desocupadas. Neste intre, teñen máis de vinte en funcionamento, nun concello de 509 habitantes.

Alí descubrimos outro xeito totalmente distinto de concibir e aplicar as axudas europeas para o desenvolvemento rural. Todas sabíamos dalgunha persoa, a maioría das veces de fóra, que con-

seguira moitas subvencións para rehabilitar unha casona ou pazo; algunhas veces nin chegaron a abrirlas ao público, e case nunca tiveron repercusión na vida dos e das habitantes do lugar.

Durante a nosa estancia na Serranía tamén visitamos outros proxectos en localidades veciñas, como a SCA Al Jaque, de Montejaque,

unha cooperativa de mulleres que fai unha primeira transformación de varios produtos da terra.

Na cidade de Ronda, recibímonos Javier e outras compañeiras e compañeiros do Ceder Serranía de Ronda e da Asociación de calidade agroalimentaria que leva o mesmo nome. Faláronnos das múltiples iniciativas que

levan adiante para lograr un desenvolvemento sostíbel da comarca.

Tras unha amena visita por Ronda, as mulleres do SLG, co pesar que nos producía non dispor de máis tempo para podermos coñecer o inxente traballo de todos estes compañeiros e compañeiras, deixamos as impresionantes montañas da Serranía.

Mares de plástico

Cando iamos chegando ao segundo punto da viaxe, Castell de Ferro, sorprendéunos un novo tipo de paisaxe: os "mares de plástico". A un lado e outro do autobús, durante quilómetros, un horizonte continuo de invernadoiros construídos dende as montañas ata a mesma praia.

En Castell de Ferro, recibímonos Inmaculada, a responsábel da Área da Muller de COAG que, ademais de xestionarnos os aloxamentos e as comidas, ensinounos a súa explotación de horta, así como a cooperativa El Grupo, á que lle venden os produtos.

Ela e máis o seu compañeiro, Paco, faláronnos do enorme investimento que realizaron o ano pasado para

pór en funcionamento os invernadoiros que visitamos: arredor de 150 millóns de pesetas.

Foron moitos os aspectos que nos chamaron á atención: a gran hospitalidade e cordialidade, os enormes investimentos, a elevadísima temperatura nos invernadoiros xa no mes de abril, un sistema de explotación do chan que se basea en proporcionarlles ás plantas todos os nutrientes a través da rega e dende uns enormes depósitos de produtos químicos, etcétera.

A continuación, fomos ver a cooperativa á que lle venden os produtos onde, a instancias de Paco e Inmaculada, nos ensinaron as instalacións. Alí recibímonos un equipo de técni-



cos con batas brancas, homes todos; as mulleres estaban traballando en cadea, limpando e preparando as hortalizas nunhas cintas transportadoras.

A parte desta evidente división do traballo por sexo, algunhas compañeiras tamén sinalaron a diferenza entre a pel curtida dos labregos, e o equipo técnico da bata branca. A cooperativa dispoñía dunhas insta-

lacións imponentes, feito que se repetiría máis tarde na cooperativa Casi en Almería. Grandes cintas transportadoras, máquinas automáticas, carretillas elevadoras que a todo ritmo transportaban a mercadería. Todo a un ritmo de auténtica vertixe. Para nós, semellaba máis unha máquina ca unha dinámica laboral adaptada a homes e mulleres.

A moitas de nós xurdiunos

a mesma pregunta: ¿E que pintan os labregos e labregas neste sistema tan impresionante?, ¿teñen garantidos uns ingresos que cubran os custos de produción?, ¿quen paga todas estas máquinas, equipos técnicos e instalacións?

Polo que puidemos comprobar, aquí e alí, os que pagan todo acaban sendo os de sempre: os labregos e labregas.

Zaidín: mulleres en rede

As fondas pegadas da cultura árabe en Granada sorprendéronnos agradablemente nunha gran cantidade de recunchos desta cidade, que acabou de engaiolarnos na visita nocturna que realizamos á Alhambra, coas preciosas salas dos palacios nazaríes, os xardíns, etcétera. Pola tarde, coñecemos a experiencia da Rede de Mulleres do Zaidín, un barrio de Granada. Cando se lles pregunta quen son, elas din: "idades dife-

rentes, dedicacións diversas, xeitos distintos de traballar, só mulleres, mulleres soas e en asociacións mixtas, de todas as relixións, de todas as formacións políticas, pero mulleres, e do Zaidín". E téñeno realmente claro. Cando queren algo, saen á rúa, saen polo que queren. E saen cada setembro, data da súa constitución; e cada 8 de marzo, día da muller traballadora; e cada 25 de novembro, día contra a violencia que afecta ás mulleres; e

saíron tamén para reivindicar unha casa da cultura, un centro de saúde, zonas verdes, para conseguir a integración da poboación inmigrante, para que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde na vida pública, para coidar das coidadoras (as mulleres que coidan dos nenos e das nenas, as mulleres que coidan das persoas maiores), para conseguir unha alimentación máis san para as súas familias, etcétera.



Agricultura para a exportación

Almería foi a última das provincias andaluzas que visitamos, e aí xa foi cando entendemos na súa plenitude que era iso dos mares de plástico.

Alí, recibíunos Carme Ramón, a responsábel da Área da Muller da COAG en Andalucía. Con Carme abundou realmente pouco tempo para sentir que estabamos cunha amiga. A parte das xestións que realizou para conseguir aloxamentos, comida, e unha proposta de interesantes visitas, e amais de recibírnos coas portas abertas na súa explotación, Carme explicounos cómo moitas empresas que nada teñen que ver cos labregos e labregas da zona están a instalar invernadoiros de dimensións extraordinarias.

Carme falounos dun sistema concibido para exportar a maioría dos produtos a longas distancias, que moitas veces lles obrigaba a ter que tirar cantidades moi importantes de hortalizas porque entraban doutros países máis baratas. Falounos dun modelo concibido á medida de grandes empresas que venden in-

sumos de todo tipo, que provocaba situacións sen sentido, como que os produtos de Almería se exportasen a América mentres os produtos de Chile e doutros países americanos chegaban aquí e tiraban totalmente os prezos. Un sistema con grandes gastos e con marxes realmente mínimas. Mencionaban ganancias por quilogramo de tomate de 10 a 12 céntimos.

Unha vez máis, constatamos que, neste tipo de modelos agrarios, os labregos e as labregas, sexamos de onde sexamos, perdemos sempre.

Cultivos sen terra

En Almería tamén visitamos un centro de investigación, que nos deixou realmente coa boca aberta. Unha señora, en nome da técnica, sen ningún tipo de rubor afirmou: "A terra, realmente, non vale para nada. Só é un soporte, como pode ser a perlita ou a fibra de coco". A isto engadiu que "producimos dun xeito san e natural. Nós empregamos depredadores naturais para algunhas pragas". As mulleres non podíamos dar

creto ao que estabamos a oír. Estabamos escoitando o de "san e natural", a tempo que víamos catro depósitos dun mínimo de 500 litros de capacidade con produtos químicos cos que se alimentaban ás plantas.

Menos mal que a visita ao Parque Natural do Cabo de Gata, ao pobo morisco de Níjar, e o contacto coas labregas da comarca, nos devolveu á realidade na que, aínda que algúns ou algunhas que din falar en nome da ciencia no queiran velo, a natureza é tremendamente sabia e importante. A terra é primordial para termos alimentos sans e de calidade, nun modelo no que as labregas e labregos somos absolutamente imprescindíbeis. As labregas non queremos unha agricultura de laboratorio.

Esa noite despedímonos de Carme, "Ata que nos vexamos proximamente, cando as compañeiras andaluzas veñades vernos a Galiza". Lucinda, do Baixo Miño, a nosa regueifeira particular, dedicoulle asemade a Carme unha fermosa cantiga. O sábado fixemos a viaxe de volta.

O SLG pide ao Goberno que faga discriminación positiva ás mulleres no Plan Lácteo

A responsábel da Secretaría da Muller do SLG, Isabel Vilalba, e a Secretaria Xeral, Lidia Senra, remitiron un escrito ao Goberno para amosar a súa disconformidade por negarse a puntuar que a titular da explotación sexa muller nos expedientes que se fagan en base ao Real Decreto de Reestruturación do Sector Lácteo.

Os escritos van dirixidos á Ministra de Agricultura, Elena Espinosa; e ao Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera, aos que se lles lembra que "o actual Goberno manifestou en numerosas ocasión como un obxectivo fundamental acadar a paridade e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres".

Tamén lles recordan que "a Comisión Europea fixo, recentemente, recomendacións aos estados membros no sentido de apoiar o acceso das mulleres á titularidade e a cotitularidade das explotacións agrarias. Na sesión de control celebrada o Día Internacional da Muller Traballadora, dende o Ministerio de Agricultura manifestouse como prioridade básica a consecución da cotitularidade para as mulleres nas explotacións".

Lidia Senra e Isabel Vilalba fixeron fincapé nestas contradicións da Ministra de Agricultura que, ao non valorar que a titular ou cotitular dunha explotación sexa muller, está in-

cumprindo as súas promesas. Por iso, no escrito acláranlle que "suprimir a puntuación adicional aos expedientes promovidos por mulleres suporía un retroceso importantísimo no recoñecemento do traballo das mulleres agricultoras e gandeiras, e resultaría ademais incomprendible, por outra parte, para moitos sectores sociais que tiñamos valorado positivamente as declaracións do actual Goberno a favor da igualdade de oportunidades".

Por todas estas razóns, o Sindicato Labrego Galego solicitoulle ao Goberno que poña en marcha medidas concretas para loitar pola igualdade e que "se adxudique a mencionada puntuación aos expedientes nos que sexa titular unha muller, así como a aqueles nos que a muller a través de algunha fórmula xurídica sexa cotitular da explotación, dado que esta medida de discriminación positiva pode servir de incentivo para que outras explotacións promovan a cotitularidade das mulleres".



Vilalba e Senra foron moi críticas co incumprimento das promesas da Ministra de Agricultura en materia de igualdade

Abren o prazo para a Declaración da Renda

O SLG aconsella que @s afiliad@s traian toda a documentación antes do 17 de xuño

Vén de abrirse o prazo para facer a Declaración da Renda correspondente ao ano 2004. Dende o SLG, recoméndase á afiliación que queira traia a documentación ao seu local sindical antes do 17 de xuño. A documentación que cómpre é a seguinte:

⇒ Documentación obrigatoria en todos os casos:

- Declaración da renda do ano 2003.
- Datos persoais (nome e apelidos, N° de DNI e data de nacemento) de todos os membros da Unidade familiar.
- Preimputacións: datos de Facenda.
- Referencia catastral da vivenda habitual (recibo da contribución urbana)
- Certificacións de rendimentos de todas as contas bancarias, accións, bonos, dividendos de Sociedades, Cooperativas, Montes veciñais, etc., que esteñan a nome de calquera dos membros da Unidade Familiar.
- Recibos da contribución urbana que esteñan a nome de calquer membro da Unidade Familiar. Importes cobrados por alugueres.

⇒ No caso de traballadores/as por conta allea, pensionistas, parados/as:

- Certificacións de retencións. (empresas, INSS, INEM, etc.)
- Cotizacións a sindicatos obreiros, se é o caso.

⇒ No caso de rendimentos da actividade agraria:

- Certificados de retencións das leiterías, xateiros, etc.
- Facturas de venda de vacas, maquinaria, e demais elementos afectos á actividade.
- Xustificantes das subvencións recibidas no ano 2004 (nutrices, superficies, lactacións, seguros de gando, planos de mellora, prima láctea, etc.). Subvención do Agro-Seguro (Traer a cópia da póliza do 2004)
- Xustificantes de indemnizacións de agro-seguro, saneamento, etc.
- Facturas de venda de madeira (se é o caso)
- Facturas de Gasoleo B de todo o ano 2004. Facturas de fertilizantes e plásticos de uso agrícola comprados de setembro a decembro de 2004.
- Inventario da explotación (se non está feito é preciso a relación de todos os elementos afectos á explotación (vacas, maquinaria, instalacións, etc) con data e prezo de compra)

⇒ Outros ingresos, no seu caso:

- Documentación xustificativa de venda de Fincas, Vivendas, Activos financeiros, Fondos de investimento, etc.
- Subvencións de rehabilitación de vivenda cobradas no ano 2004, etc.
- Facturas de venda de dereitos de nodrizas, cota de leite, etc.

⇒ Deducións e reducións:

- Aportacións a Planos de Pensións, aluguer de vivenda, hipotecas, etc.

A Xunta convocará a labreg@s para actualizar os datos das axudas da PAC antes do 15 de xullo

Estas axudas inclúen as de nutrices, cebo de machos de vacún, sacrificio bovino, extensificación, superficies, ovino e caprino, etc...

O Ministerio de Agricultura publicou no BOE do 2 de maio a Orde sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime do pago único nas axudas da Política Agraria Común (PAC).

Nestes intres, é a Xunta quen ten que convocar aos labregos e labregas de Galiza para que presenten a

documentación necesaria para que actualicen os seus datos e poidan cursar a solicitude. No BOE, obrígan a que isto se faga antes do 15 de xullo de 2005.

Para máis información sobre os documentos necesarios e a tramitación destas primas, poden dirixirse á súa respectiva oficina do SLG na súa localidade.

Visita a unha explotación de horta ecolóxica no Barbanza o 1 de xuño

O 1 de xuño visitarase unha finca de horta ecolóxica na Pobra do Caramiñal. Trátase de ver como funciona unha explotación ecolóxica na realidade, e que as persoas interesadas no tema (tanto si producides en ecolóxico, en convencional, ou non producides) plantexedes alí as dúbidas referidas á produción e á comercialización, á realidade do sector, a como se traballa en ecolóxico, etcétera. A visita será pola mañá, despois haberá un xantar (a comida estará financiada), e á tarde haberá debate sobre agricultura ecolóxica. Para inscribirse ou informarse, chama ao 981554147 ou ao 699963270.

Axudas para a reconversión e reestruturación do viñedo

Orde do 23 de marzo de 2005 pola que se modifican as bases das axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñedo en Galiza e se convocan para o ano 2005.

Estas axudas teñen por finalidade incentivar os plans de reestruturación e reconversión do viñedo para adaptar a produción á demanda do mercado mediante:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñedos.
- c) Melloras das técnicas de xestión do viñedo.

As solicitudes de axuda presentaranse entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2005.

Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Orde do 8 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas deste programa as cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo de Galiza e/ou os seus socios traballadores ou de traballo.

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do programa finalizará o 30 de setembro de 2005.

Axudas á mellora de explotacións e para a instalación de moz@s

Axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción en explotacións agrarias.

Segue aberta a convocatoria para primeiras instalacións de moz@s por cesamento anticipado na actividade agraria; ou por falecemento, xubilación ou invalidez do titular, ata o 30 de novembro.

20 de maio: recibimento da Carta Mundial das Mulleres

O 20 de maio recibiremos en Galiza a Colcha da Solidariedade e a Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade, baseada na igualdade, liberdade, solidariedade, xustiza e na paz; de mans de compañeiras de Portugal.

As mulleres do SLG interesadas en participar o día 20 de maio no recibimento da Carta Mundial e da Colcha, nas actuacións musicais e

poéticas e na festa que terá lugar; ou o 21 na lectura da Carta Mundial de Mulleres para a Humanidade, nas actuacións musicais e na confección da colcha galega, deben comunicalo na súa oficina do SLG. Previamente, nas comarcas confeccionaremos anacos da manta galega. A nosa achega será o símbolo da Secretaría da Muller do SLG, realizado por labregas e gandeiras de toda Galiza.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais para 2005.

Para animais que se sacrifiquen por tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos ou sospeitosos.

O prazo de presentación de solicitude será ata o 21 de novembro de 2005.

Axudas á compra de gando para restituir animais mortos en sacrificio obrigatorio

Orde do 21 de decembro de 2004, publicada no Diario Oficial de Galicia, pola que se regulan axudas para a compra de gando bovino para repórter as reses de sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais

O prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas estará vixente ata o **21 de novembro do ano 2005**.

Axudas para implantar a recollida de subprodutos animais nas explotacións

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias. Estas axudas van destinadas ás explotacións de gando porcino, avícola e cunícola; e ás explotacións de ovino e cabrún

O prazo de presentación de solicitudes remata o **30 de xuño de 2005**.

Axudas para paliar os danos económicos producidos polo lobo sobre o gando

Poderanse acoller a estas axudas @s propietarios@s de reses das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. Os danos deberán ser comunicados antes de que transcorran 24 horas desde o ataque.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **25 de outubro de 2005**.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Máquina de limpar trigo.
Empacadora seminova 165.
Muíño de tractor.
Preguntar por Manuel no teléfono 982 175 132

Véndese

Touro de carne en Oza dos Ríos (A Coruña).
Chamar ao 670 895 789

Véndese

Rotoempacadora CLAAS modelo Rollant 46. Seminova.
Chamar ao 981 797 225

Véndese

Vacas frisonas.
Preguntar por Fernando no teléfono 629 308 667

Véndese

Rotoempacadora
Tanque de frío de 640 litros.
Circuíto de tres puntos.
Chamar ao 650 650 055

Véndese

Tanque de frío de 200 litros.
Chamar ao 981 196 432

Véndese

Circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 137 069

Véndese

Por peche de explotación leiteira:
Tanque de leite de 2.800 litros, con lavado automático, frío instantáneo e antixeo.
Sala de muxido ALFA LAVAL de seis puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Autocargador pequeno n'A Estrada.
Chamar ao 986 689 726

Véndese

Máquina de sementar millo GAS-PARDO SP 520 de catro liñas.
Preguntar por Victor no teléfono 676 268 464

Véndese

Autocargador, picador, espaxedor PÖTTINGER de 33 m³.
Carro mesturador horizontal KUHN de 12 m³.
Preguntar por Xesús no teléfono 690 665 808.

Véndese

Tanque FONTSERE de 640 litros, en Xermade (Lugo).
Chamar ao 982 177 878

Véndese

vacas e xovencas inscritas no libro xenealóxico da raza rubia galega, en Cabreiros, Xermade (Lugo).
Chamar ao 699 290 176

Véndese

pa TENIAS seminova, acoplada a Massey Ferguson.
Chamar a partir das 22:00 horas ao teléfono 981 896 668.

Véndese

motocultor.
Chamar ao teléfono 986 571 176

Véndese

vacas e becerras limusinas de todas as idades, en Xermade (Lugo).
Chamar ao 609 864 738

Véndese

sala de muxido marca WESFALIA con 4 puntos, 2 medidores, descargue e lavado automático.
Tanque de frío de 650 litros marca JAPI. En Vilalba (Lugo).
Chamar ao 982 527 406

Véndese

circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos con retiradores. Catro anos.
Tanque ALFA LAVAL de 630 litros.
Chamar ao 637 545 179

Véndese

tractor JONH DEERE modelo 2.140.
Chamar ao 981 787 639.

Véndese

sistema de rego: motobomba e tubos de 4 polgadas.
Chamar polas noites ao 981 896 668. Preguntar por Xosé Manuel

Véndese

invernadoiro de 6 x 15 metros, en boas condicións.
Chamar ao 982 243 894.

Véndese

circuíto de muxido marca GAS-COIGNE-MELOTTE con lavado automático de 4 puntos e con opción a 6. Catro anos de uso, en bo estado e a prezo económico.
Chamar ao 635 793 613.

Véndese

tractor JONH DEERE con dobre tracción e segadora BCS seminova.
Preguntar por Agustín nos teléfonos 982 153 182, 981 196 883 e 679 966 032.

Véndese

8 vacas, con 8 crías, 6 xatas preñadas e 1 touro, tod@s de raza caldelá.
Preguntar por Pepe nos teléfonos 988 268 928 e 647 913 285

Véndese

vacas frisonas por cese de actividade.
Chamar ao mediodía e preguntar por Xabier no 982 207 733.

Véndese

vacas frisonas.
Chamar ao 982 164 477

Véndese

picador KROHNE seminovo.
Chamar ao 982 164 443.

Véndese

tractor SAME 96 CV.
Preguntar por Manolo no teléfono 616 495 975

Véndese

tractores agrícolas de importación con garantía.
Chamar ao 606 616 139 (Deza)

Véndese

motor para bombear auga. Diesel de 6 cv.
Motocultor con segadora.
Chamar ao 660 734 075

Véndese

autocargador MAGAL, de 22 metros, 5 coitelas e descargue hidráulico.
Dúas rodas de tractor 16-9-R30 MICHELIN radial. Medio uso.
Chamar ao 982 160 266

Véndese

encintadora MASCAR.
Chamar ao 699 039 979 ou ó 982 508 137

Véndese

rolos de herba seca e silo en Lagoa (A Pastoriza).
Chamar ao 982 164 443

Véndese

vacas de raza frisona por abandono. A bo prezo.
Preguntar por María Luz Leiras no 981 195 323.

Véndese

tractor 515 con remolque
Dúas xovencas de raza cruzada
Preguntar por Xurxo no teléfono 659 659 418

Véndese

picador MENGELE de 32 metros cúbicos. Seminovo, con dúas campañas.
Herba seca.
Chamar ao 982 528 123 ou ó 676 128 939

Véndese

tractor JOHN DEERE 3650.
Chamar ao 647 402 748

Véndese

rolos de herba seca e silo en Cospito (Lugo).
Chamar ao 982 177 004

Véndese

picadora de millo e herba JOHN DEERE 5820, con cabezal para herba e millo de catro regos.
Chamar ao 647 564 946

Véndese

Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou no 988 419 035

COMPRAS

Mércase

Cisterna usada.
Preguntar por Xabier no teléfono 660 490 008

Mércanse

cabuxas de reposición, en Xermade (Lugo).
Preguntar por Fermín no 679 890 628.

Mércase

Arado CARRUXO 401.
Chamar ao 629 856 356

Mércase

rotativa de 2'40 ou 2'60 de corte.
Chamar ao 600 382 949

OUTROS

Búscase

Traballador / a con carné de conducir para a campaña de verán en Maceda (Ourense).
Chamar aos teléfonos 636 788 559 e 988 438 603

Necesítase

xente para traballar con tractores no Concello de Ordes (A Coruña).
Interesa@s chamar ao teléfono 619 301 049

Regálanse

cachorros de raza Pastor Alemán.
Chamar ao 982 154 865.

Necesítase

Traballador para explotación de ovino en Ourense.
Preguntar por Xabier no teléfono 660 490 008

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Xoán Monasterio Suárez, Secretario de Organización do Sindicato Labrego

Xoán Monasterio forma parte dunha nova xeración de responsábeis do SLG. Diplomado en Ciencias Empresariais e licenciado en Económicas, comezou a traballar na organización no 2000. No sexto Congreso, foi elixido para asesorar á Executiva en formación e finanzas. Coa marcha de Álvaro García Freire, substitúeo o 31 de xaneiro de 2004 como Secretario de Organización, responsabilidade que ocupa hoxe. Natural da aldea de Reme de Arriba, en Ribadeo (Lugo), Monasterio é o mecánico que se encarga de manter ben engraxada e a punto a maquinaria interna do SLG.

“A Secretaría de Organización traballa para que a maquinaria do SLG funcione”

■ Como lle vai á nova Secretaría de Organización do SLG?

Antes do sexto Congreso, celebrado o 22 de marzo de 2003, non había Secretaría de Organización no Sindicato Labrego, algo que cumpría. A Secretaría de Organización traballa para que toda esta maquinaria funcione, para mantela engraxada a nivel interno, facendo de ponte e trasladando á estrutura da organización os acordos da Executiva.

Trátase dun labor escuro, sen relevancia pública, pero moi importante para que o SLG se poida esquecer dos problemas internos e se dedique, sobre todo, a centrar os seus esforzos no traballo sindical.

A organización no Sindicato Labrego Galego é un traballo continuo: por cada solución que dás, créanse novos problemas, aparecen novas necesidades.

■ Cales son os retos da Secretaría de Organización?

En principio, establecer regras internas de xogo. Ata o de agora, mentres o Sindicato Labrego tivo unha estru-

tura de poucos traballadores e traballadoras, podíanse reunir todos e todas para falar dos temas do día; non embargante, agora temos unha estrutura de persoal moi ampla e, ademais, temos tamén unha estrutura de órganos grande na que participan máis activamente labregos e labregas.

■ Como ve o futuro do Sindicato Labrego Galego?

A nivel externo, temos que ser conscientes da situación que está a vivir o noso agro, cunha desaparición continuada de explotacións, sobre todo no sector lácteo, que é o sector con máis afiliación no sindicato.

As explotacións que fican, demandan cada vez máis servizos, máis traballo e defensa sindical, máis diversificación das funcións. Nisto último, inclúense convenios de colaboración con empresas para que lle fagan servizos á afiliación.

O futuro é complexo, e o Sindicato Labrego Galego irase adaptando ás necesidades. A estrutura do sindicato dependerá da evolución do agro.



Xoán Monasterio substituíu a Álvaro García Freire á fronte da Secretaría de Organización do Sindicato Labrego Galego

“A Administración ten instrumentos para que a xente nova poida ficar no medio rural”

■ Por que a mocidade non quere ser labrega?

Os motivos son varios: fundamentalmente, a desvalorización da profesión labrega. E esta desvalorización agacha varias causas: o nivel de rendas no sector agrario, amais de ser baixo, é totalmente aleatorio. Quen vive do agro, non sabe canto vai gañar ao final do ano, pois non ten nómina fixa e, moitas veces, depende das industrias.

Outro factor son os servizos públicos, que se están a desmantelar no medio rural: sanidade, educación, ocio... Mesmo chegamos a detectar casos de xente que fica no medio rural, e ten serios problemas para atopar parella que queira vivir dunha explotación.

■ Ao seu xuízo, que habería que facer para atallar esta sangría que está envellecendo o noso agro?

Cómpren políticas correctas orientadas a que a xente fiquen. A Administración é quen ten da súa man os instrumentos necesarios para facer isto. Tamén axudaría emprender políticas de igualdade, de discriminación positiva a favor das mulleres, que son as máis prexudicadas á hora de incorporarse ás explotacións; pensemos que, cando unha muller se incorpora a unha explotación, ademais do traballo nela acostuma a facer as tarefas do fogar, a coidar dos maiores e da rapazada, etcétera. A situación melloraría coa creación de garderías rurais, e con servizos de atención aos maiores. Habería que aumentar as partidas orzamentarias para fomentar a incorporación de xente nova, e poderíase facer cos fondos destinados a forestar terras agrarias.

“O traballo das explotacións é tan digno coma o dun banco ou o dun xornal”

■ Vostede foi o encargado de expoñer ante o Parlamento o informe sobre a mocidade labrega. Como ve a situación da xente nova no medio rural?

Non quero dar unha visión pesimista deste tema, pero a mocidade do medio rural ten diante unha situación abondo complexa se quere vivir no campo. Os problemas son moitos: o acceso á terra, o acceso á vivenda, os servizos, etcétera. O SLG, neste tema, debe cumprir a función de animar á xente nova a que quede no agro, e pelexar para que esa permanencia sexa nunhas condicións laborais dignas nas que traballo se vexa recompensado.

Temos que loitar moito contra a visión clásica, que mesmo se dá entre labregos e labregas, de que o agro é o último. Unha das cuestións nas que máis habería que incidir é en reval-

orizar o medio rural e o traballo agrario. O traballo nas explotacións é tan digno como vivir na cidade e traballar na construción, nun banco ou nun xornal.

Non embargante, moitas familias labregas fan que os seus fillos abandonen esa vida dándolles estudos ou animándoos a traballar fóra. Así, danse paradoxos de xente de procedencia labrega que remata traballando na construción ou na hostalaría, en condicións salariais peores que as da explotación familiar, e facendo tantas ou máis horas, mesmo sen fins de semana nin vacacións nalgúns casos.

■ Pensa que a Administración está a realizar políticas que favorezan a permanencia de mozos e mozas nas profesións agrarias?

Dende logo que non. As políticas que

se están realizando dende a Consellaría de Política Agroalimentaria están favorecendo xustamente o contrario: que a xente fuxa do rural, mozos e non tan mozos.

Os incentivos económicos que se dan para as explotacións non están dirixidos a que a xente nova permaneza no campo. De feito, cada vez hai menos incorporacións.

As oficinas agrarias comarcais estanse decatando de que, cando abren os prazos para que se fagan solicitudes de incorporación á actividade agraria, non hai xente.

No informe ante o Parlamento revelamos que, a comezos dos anos noventa, víñanse incorporando 750 persoas á actividade agraria cada ano en Galiza; no 2003, as incorporacións só foron 150 en todo o país.